

# **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS**

## **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO LEGAL**

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

## **ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación por este Concello, a través dos seus servizos técnicos propios en primeiro lugar ou concertados, da elaboración de proxectos, dirección, inspección, coordinación e prevención de obras contratadas ou adjudicadas polo Concello.

## **ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO**

Serán suxeitos pasivos da taxa que se regula nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa.

## **ARTIGO 4.- EXENCIONS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais, segundo o disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

## **ARTIGO 5.- CONTÍA**

A contía da taxa regulada por esta ordenanza será o 7% do importe do orzamento de execución material das obras, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, determinándose parcialmente en función do orzamento de execución material adjudicado de cada certificación de obra expedida.

## **ARTIGO 6.- DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

## **ARTIGO 7.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN**

1.- A liquidación practícarase en cada certificación expedida polos Servizos Técnicos Municipais e, de ser por medios alleos, coa súa conformidade. As liquidacións da taxa aprobaranse xunto coa certificación polo órgano competente.

2.-Ao proceder ao pagamento da certificación practícarase retención sobre a parte que corresponda á taxa ingresándoa no concepto orzamentario correspondente para posteriormente proceder como segue:

a) Se os servizos se prestaron con medios propios do Concello, trasladaranse do concepto non orzamentario ao concepto de orzamento de ingresos que corresponda.

b) Se os servizos se prestaron con medios alleos, do concepto non orzamentario pagarase á persoa física ou xurídica que, mediante contrato co Concello, prestara os servizos obxecto desta taxa.

#### **ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.-**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.